



## AVISO

### ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA PROTECCIÓN DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS EN RELACIÓN COAS OPERACIÓNS FORESTAIS, ACCESOS ÁS FINCAS E CONSERVACIÓN DAS MESMAS

Visto a Ordenanza municipal reguladora da protección dos camiños municipais en relación coas operacións forestais, accesos ás fincas e conservación das mesmas (publicación definitiva en data 25 de xaneiro de 2018, BOP nº 18).

Ponse en coñecemento de tódolos interesados que no BOP n.º 194 de data 13 de outubro de 2022, publícouse a “Aprobación definitiva de Modificación da Ordenanza Municipal Reguladora da protección dos caminos municipais en relación coas operacións forestais, accesos ás fincas e conservación das mesmas”.

A finalidade da ordenanza é velar pola debida conservación dos camiños e vías públicas municipais, entre outras, por iso recordase que por parte da persoa física ou xurídica que actúe en calidade de madeireiro, deberá:

- PRESENTAR COMUNICACIÓN DE TALA (DECLARACIÓN RESPONSABLE), CUNHA ANTELACIÓN MÍNIMA DE OITO DÍAS HÁBILES, DEBIDAMENTE CUBERTA E ASINADA, ADXUNTANDO A DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA (dita comunicación non eximirá da obriga de obter os restantes permisos e licencias que resulten procedentes conforme a normativa sectorial).

- CONSTITUIR A GARANTÍA A PROL DO CONCELLO, conforme ao establecido na modificación da ordenanza arriba descrita)

Coa finalidade de protexer a rede viaria municipal e evitar graves danos nos camiños non asfaltados polos que transitan vehículos de gran tonelaxe, **prohíbese a saca de madeira polos citados camiños non asfaltados os meses de decembro, xaneiro e febreiro**, debido a previsible incidencia das condicións meteorolóxicas

Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta ordenanza:

- As talas puntuais de exemplares de árbores illadas
- As podas e refaldes en plantacións forestais
- O clareo de rebrotes de cepa e limpeza de predios
- As talas que teñan por finalidade os aproveitamentos para uso doméstico con vehículos agrícolas
- A eliminación dunha situación de perigo para persoas ou bens

**O incumprimento do diposto na presente ordenanza sancionarase segundo o establecido na ordenanza.**

Santa Comba, na data da sinatura dixital

A alcaldesa,  
María Josefa Pose Rodríguez